



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación Harmonía 4º Grao Profesional



Índice

1. Introducción	3
2. Obxectivos das ensinanzas	4
2.1 Obxectivos xerais do grao elemental.....	4
2.2 Obxectivos xerais do grao profesional.....	4
3. Obxectivos específicos	5
3.1 Grao elemental	5
3.2 Grao profesional	5
4. Metodoloxía	6
5. Atención á diversidade.....	8
ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ANEE)	9
6. Temas transversais.....	12
6.1 Educación en valores	12
6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	13
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	14
8. Secuenciación do curso.....	15
Curso: 4º GRAO PROFESIONAL	15
8.1 Obxectivos.....	15
8.2 Contidos	16
8.3 Avaliación	18
8.3.1 Criterios de avaliación.....	19
8.3.2 Mínimos esixibles.....	19
8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	20
8.3.4 Criterios de cualificación	21
8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	23
8.4 Medidas de recuperación	24
8.4.1 Probas extraordinarias de setembro	24
8.5 Recursos didácticos.....	25
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	28
10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	28
ANEXOS	30



1. Introducción

O sistema tonal pode chegar a ser un forte condicionamento para a audición de músicas non compostas nos seus postulados. O coñecemento das súas peculiaridades é unha poderosa ferramenta para desenvolver unha escoita intelixente e consciente, que permita valorar na súa xusta medida tanto a música composta segundo os seus principios como a que non se axusta a eles.

Correspóndenlle ós estudos de harmonía a subministración do coñecemento profundo do devandito sistema, así como a mecánica de funcionamento dos elementos que o compoñen.

Ditos estudos teñen unha importancia capital: serán a base para a formación de compositores e unha axuda indispensable para futuros musicólogos, intérpretes, directores, críticos ou mestres.

Os contidos da materia se basearán no “xeito de facer” dos compositores do pasado, concretamente do que W. Piston chama “la práctica común” (máis ou menos os séculos XVIII e XIX) polo que estudaremos os materiais máis utilizados polos grandes mestres e aprenderemos a usalos nós a través de exercicios de progresiva dificultade.

Para escribir ditos exercicios, tomaremos como ferramenta o coro mixto (coro a 4 voces: soprano, contralto, tenor e baixo), pola comodidade de escritura ó adapta-la harmonía á voz humana xa que as melodías serán máis sinxelas a nivel interválico que as melodías instrumentais.

Polo tanto, o obxectivo primordial é que o alumno sexa quen de realizar exercicios escritos en estilo “clásico” sen pretender, por suposto, que sexan grandes creacións compositivas xa que isto levaría moitos anos de estudio e práctica desta e doutras materias.



2. Obxectivos das ensinanzas

2.1 Obxectivos xerais do grao elemental

2.2 Obxectivos xerais do grao profesional

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:
 - a) Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
 - b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
 - c) Analizar e valorar a calidade da música.
 - d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
 - e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
 - f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
 - g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
 - h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
 - i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.



2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao elemental

3.2 Grao profesional

Desenvolveranse as capacidades seguintes:

- a) Coñece-los elementos básicos da harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.
- b) Utilizar nos traballos os elementos e procedementos básicos da harmonía tonal.
- c) escoitar internamente a harmonía, tanto na análise coma na realización de exercicios.
- d) Identificar a través da audición os acordes e procedementos máis comúns e as transformacións temáticas.
- e) Identificar a través da análise de obras os acordes, os procedementos máis típicos e as transformacións temáticas.
- f) Comprende-la interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.
- g) Aprender a valorar a calidade da música.
- h) Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias, alleas ou en harmonizacións xeradas por medios electrónicos ou de xeito automático.
- i) Tocar esquemas básicos no piano.
- j) Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.



4. Metodoloxía

DESEÑO DAS ACTIVIDADES

DE AULA

- Explicación por parte do profesor do tema correspondente, ben a través do libro de texto ou por apuntes ou fotocopias.
- Exemplos prácticos relacionados co tema traballados no encerado.
- Traballo en clase de exercicios adecuados ó tema e corrección dos mesmos.
- Audición dunha obra ou fragmento de estilo clásico e posterior debate sobre a súa estrutura harmónica.
- Audición de músicas “pop” e debate sobre os patróns harmónicos utilizados nas mesmas.
- Análises harmónicos de obras ou fragmentos propostos polo profesor ou de común acordo cos alumnos.

EXTERNAS

- Traballo de exercicios harmónicos na casa e corrección dos mesmos na clase seguinte. Dita corrección poderá ser:

Individual: a lo menos cada 15 días

Colectiva: no encerado escollendo ó azar o exercicio dun alumno.

- Audición dun fragmento ou obra proposta polo profesor para demostra-la comprensión da súa harmonía presentando as secuencias de acordes por escrito.
- Análise de obras ou fragmentos propostos polo profesor que serán corrixidos e debatidos na clase



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Realización de traballos monográficos
- Audición de obras de diferentes épocas que inclúan os contidos do curso ademáis de outros novos.
- Asistencia habitual a concertos
- Visualización de obras en vídeo que de algún xeito poidan estar relacionadas cos contidos de estudio
- Asistencia a cursos monográficos relacionados cos contidos

AGRUPAMENTOS

- Grupos de 13/1 dúas veces por semana 1 hora cada sesión de clase

ESPACIOS

- Aula de 25 metros cadrados

MATERIAIS

- Equipo de Audio
- TV e Vídeo
- Ordenador e software musical
- Impresora e Scanner
- Un módulo de sons
- Un teclado “maestro”
- Un piano
- Mobiliario: encerado, armarios, cadeiras con pala, mesa e cadeira para o profesor, papeleira, percheiro.

RECURSOS DIDÁCTICOS

[Material Curricular Básico](#)



- Tratado de Harmonía de Joaquín Zamacois Vol. I-II Ed. Span Press Universitaria, 1998
- Libros de exercicios correspondentes ó tratado.

Material complementario

- Bloc de papel pautado a 2 pentagramas (escritura pianística)
- Lapis do nº 2, goma de borrar e afialapis.
- Partituras de sonatinas clásicas (Clementi, Haydn, Mozart, Dussek...)

BIBLIOGRAFÍA

- Harmonía de Walter Piston. Ed. Spans Press Universitaria 1998
- Harmonía Tonal de Luis Blanes Vols. I e II. Ed. Real Musical
- Harmonía de A. Schönberg. Ed. Real Musical, 1974
- Tratado práctico de Harmonía de Rimsky – Korsakov. Ed. Ricordi, 1947
- Harmonía de Diether de la Motte. Ed. Labor, 1989
- Tratado de Harmonía de Charles Koechlin
- Curso Teórico – Práctico de Harmonía de Camillo de Nardis. Ed. Ricordi
- Tratado de Harmonía. Sociedade Didáctico – Musical. 1972

5. Atención á diversidade

Considerase alumnado con necesidade específica de apoio educativo, aquel que, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poda alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.



ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ANEE)

Entendese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que requira, por un período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves de conduta. Considérase ANEE cando amosa as seguintes características:

- Alumnos con dificultades de comunicación e linguaxe.
- Alumnado con discapacidade intelectual.
- Alumnado con hiperactividade e/ou déficit de atención.
- Alumnado con autismo.
- Alumnado con síndrome de DOWN.
- Alumnos con minusvalías físicas: adaptarse o espazo na aula e facilitarase o acceso á mesma.

ALUMNADO CON DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENDIZAXE

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

Conceptualmente, desde un punto de vista amplo, os trastornos da aprendizaxe (TA) defínense en base a un rendemento escolar por debaixo do esperado nas capacidades para a lectura, o cálculo e/ou a expresión escrita, tendo en conta a idade cronolóxica do alumnado, a súa escolarización e o seu nivel intelectual, que interfire negativamente no desenvolvemento do Proceso curricular e/ou nas actividades cotiás que requiren a adquisición das anteditas destrezas.



A resposta educativa axeitada aos TA vai consistir, pois, en detectar cales son as axudas que necesitan os estudantes para progresaren na súa aprendizaxe e empregar estas axudas en prol das necesidades inicialmente avaliadas.

ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Unha alumna ou un alumno presenta altas capacidades intelectuais cando manexa e relaciona, de maneira simultánea e eficaz, nun nivel sensiblemente superior á media, recursos cognitivos verbais, numéricos, lóxicos, memorísticos, espaciais e creativos.

Considérase alumnado con sobredotación intelectual cando amosa as seguintes características: unha capacidade intelectual moi superior á esperada para a súa idade, unha alta creatividade e un alto grao de motivación e perseveranza.

Así, das persoas talentosas afírmase que mostran habilidades excepcionais en áreas moi concretas, polo que se caracterizan pola súa competencia específica.

Das persoas precoces destacan as aprendizaxes temperás, xa que manifestan unha competencia específica prematura, das que dicimos que son un prodixio, sinalamos que conseguen produtos inimaxinables e destacados para a súa idade.

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con sobredotación, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:

As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.

ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA (PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO)

A chegada de poboación de orixe estranxeira á nosa Comunidade Autónoma, así como o retorno de emigrantes galegos e das súas familias, está a incidir notablemente na evolución da diversidade na nosa poboación escolar, de xeito que proporcionar unha resposta educativa a este alumnado convértese nunha liña prioritaria de actuación.



Adoptaranse cantas medidas se consideren necesarias para proporcionar a debida atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro que presente todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo, graves dificultades de adaptación. Estas medidas poderán ser tanto de tipo curricular como organizativo, irán dirixidas a todo o alumnado que conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO POR CONDICIÓN PERSOAIS OU DE HISTORIA ESCOLAR

Un alumno ou alumna pode presentar necesidade específica de apoio educativo derivada de condicións persoais ou de historia escolar cando manifesta dificultades na evolución das súas aprendizaxes e na adquisición de obxectivos e competencias por motivos de saúde, por pertenza a determinados grupos sociais ou minorías étnicas, por situacións socioculturais desfavorables, por escolarización desaxustada ou pola combinación de varios dos motivos mencionados.

Entre este alumnado inclúese aquel que presenta un retraso escolar significativo nunha ou en varias áreas ou materias, cun desfase curricular xeral de dous ou máis cursos ou niveis, e este non poida explicarse por necesidades educativas especiais, nin por dificultades específicas de aprendizaxe, nin por incorporación tardía ao sistema educativo. Entre este alumnado podemos considerar:

- Alumnado en situación de absentismo, abandono escolar temperán e/ou desescolarización.
- Alumnado que precisa atención educativa hospitalaria e domiciliaria.
- Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal.
- Alumnado sometido a medidas de protección e tutela.
- Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa a xoves embarazadas.



6. Temas transversais

6.1 Educación en valores

A música, no dobre aspecto de ciencia e arte, contribúe ó desenvolvemento no plano intelectual á vez que no plano emocional/afectivo coma xeito de expresión persoal e interrelación cos demais. Por todo elo posúe un gran potencial no desenrolo do equilibrio persoal e na formación de hábitos de escoita, tolerancia e respecto cara aos demais e cara ao entorno. Neste sentido, a lei educativa actual plantexa a educación en valores, dende todas as actividades do centro, partindo do plantexamento dos contidos ou eixos transversais que, sen adxudicarse a ningunha disciplina, é necesario que estean presentes no currículo para alcanzar a formación integral da persoa. Estas cualidades intrínsecas da práctica e do coñecemento da música concréntanse do seguinte modo nos eixos transversais do currículo:

- EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA E EDUCACIÓN PARA A PAZ: aceptación e recoñecemento dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento de outras culturas a través da súa música.

- A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE: a práctica da música contribúe ó establecemento de hábitos de hixiene física e mental, xa que fomenta un desenvolvemento persoal equilibrado, a creación de novas vías de comunicación e a tendencia a perseguir a consecución dun ámbito que contribúa ao benestar. O primeiro aspecto cóidase de xeito específico nos contidos que fan referencia á educación da voz e corrección postural requirida tanto no canto coma no movemento e a danza. De xeito global, a música contribúe tamén ao equilibrio persoal na medida que se fomenta a comunicación e se canaliza o desenvolvemento da expresividade, afondando no propio coñecemento e aceptación.

A IGUALDADE ENTRE AMBOS OS DOUS SEXOS: no mundo musical evidéncianse ás veces actitudes estereotipadas acerca dos roles masculino e feminino, orixinadas na marxinação histórica -e obsoleta- da muller nos campos que supoñen unha proxección social. Os materiais deste Proxecto non dan cabida a ningún



tipo de discriminación relacionada co sexo, nin na elección ou atribución dun instrumento para realizar unha interpretación, nin na distribución de tarefas de cara a crear unha coreografía, nin na composición e improvisación.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR: o mercado relacionado co consumo da música move un considerable volume económico, sendo o alumnado desta etapa un gran consumidor de produtos musicais. Polo tanto, é importante que adquira criterios de optatividade e de calidade que lle permita consumir de forma libre e razoada. Os materiais presentan un abano amplo de estilos musicais, asociados todos eles a unhas actividades que axudan ao alumnado a descubrilos e aprecialos.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: é necesario concienciar o alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva -a miúdo inútil e ademais, agresiva- do son no ámbito, fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica.

6.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A competencia do tratamento da información e competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e aprender a transformala en coñecemento. Para desenvolver esta competencia os alumnos utilizarán as TIC nos procesos de aprendizaxe. Todas as actividades musicais pódense traballar nesta contorna.

Ditas (TIC) constitúen un dos eixos centrais da moderna sociedade da información e do coñecemento, cuxo alcance se estende a todas as parcelas da actividade humana, entre elas, a que configuran as disciplinas artísticas. Neste sentido, o carácter especializado dos estudos musicais nas súas diferentes vertentes instrumentais ou vogal pode e debe complementarse coa adecuada formación dos instrumentistas ou cantantes no campo das TIC, como elemento indispensable da formación e do exercicio profesional do futuro músico. Neste contexto, a música incorporouse progresivamente ao acelerado proceso de innovacións científicas e tecnolóxicas que propiciaron a aparición de materias ou especialidades que teñen por



obxecto tanto a adquisición dunha linguaxe comprensivo e unitario de todos os aspectos relacionados coas novas tecnoloxías, como a súa utilización e aplicación musicais. Para achegar aos estudantes a un primeiro contacto coa informática musical, parece necesario introducir os elementos básicos e a toma de contacto directo con esta disciplina de tanta aplicación e importancia na formación complementaria actual e futura de todo músico. Desta forma, amplíase e complementa o proceso formativo no que tanto esta materia como o resto (incluídas as optativas) contribúen notablemente a consolidar as bases e a orientación cara a posibles estudos posteriores ou ben cara ao exercicio profesional. Para este tipo de estudos requírese un equipamento informático completo, que contemple os recursos de hardware e software adecuados, así como os elementos accesorios e periféricos adecuados.

A web do centro constitúe un punto de referencia centralizada onde se aloxa aquela información de utilidade para toda a comunidade escolar, ademais de desempeñar certo labor de promoción do centro e das actividades que se organizan (reforzándose neste caso coas redes sociais coma Facebook e Twitter, Whatsapp...).

De vital importancia e a utilización da plataforma informática de xestión dos conservatorios CENTROS NET. Preténdese ir potenciando o uso da área do profesorado, así como da área do alumnado, onde estará dispoñible a programación didáctica e diferentes materiais relacionados coa materia: exercicios, contidos teóricos, enlaces a diferentes webs de recursos específicos, youtube, etc.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Realización de traballos monográficos de cara a súa exposición nos que o departamento implicarase no proxecto de dinamización da Biblioteca do centro e colaborando coa revista do centro “Quiroguiana”.

Audición de obras de diferentes épocas que inclúan os contidos do curso ademais de outros novos.

Dado o elevado número de concertos e actividades musicais programados no centro ao longo do curso, contéplase a posibilidade de asistir ás propostas de maior



interese para o alumnado. Estas actividades de asistencia a concertos dentro do propio centro potencian moitos dos contidos intercurriculares que se presentan na programación, así como a vivencia da música dun xeito directo. Ademais fomentárase a asistencia a algún concerto fora do centro como actividade extraescolar en colaboración coa vicedirección do conservatorio.

Visualización de obras en vídeo que de algún xeito poidan estar relacionadas cos contidos de estudio.

Asistencia e organización de cursos monográficos relacionados cos contidos.

8. Secuenciación do curso

Curso: 4º GRAO PROFESIONAL

8.1 Obxectivos

1. Amplia-los coñecementos sobre os elementos utilizados na harmonía tonal e as súas características, funcións e transformacións nos distintos contextos históricos.
2. Utilizar nos traballos os elementos e procedementos estudados neste segundo curso
3. escoitar internamente a harmonía, tanto na análise coma na realización de exercicios.
4. Identificar a través da audición os acordes e procedementos máis comúns traballados ó longo do curso.
5. Identificar a través da análise de obras os acordes, e os procedementos harmónicos máis típicos da música dos séculos XVIII e XIX
6. Comprende-la interrelación dos procesos harmónicos coa forma musical.
7. Aprender a valorar a calidade da música.
8. Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que puidera presentarse tanto en músicas propias, alleas ou en harmonizacións xeradas por medios electrónicos ou de xeito automático.
9. Tocar esquemas básicos no piano.
10. Ser capaz de tocar os traballos realizados no piano.



8.2 Contidos

CONCEPTUAIS

PRIMEIRO TRIMESTRE

- Modulación diatónica
- Repaso do acorde de sétima de dominante.
- Sétimas de II, IV y VI
- Cadencias

SEGUNDO TRIMESTRE

- Modulación cromática
- Acorde de VII diminuído e VII de sensible
- Acordes de sétima nas escalas auxiliares
- Sétima de I e III

TERCER TRIMESTRE

- Progresións unitónicas e modulantes con acordes de sétima
- Progresións modulantes (continuación)
- Coñecemento do acorde de novena de dominante
- Coñecemento dos diferentes tipos de figuración melódica: notas de paso, bordaduras, retardos, etc.



PROCEDIMENTAIS

- Formar as especies de acordes de catro sons
- Dispoñer de distintas maneiras as notas dos acordes
- Enlazar acordes segundo os estados estudados
- Estudar os distintos procedementos de modulación
- Realizar exercicios modulantes con acordes triadas e cuatriadas
- Realizar baixos cifrados e sen cifrar unitónicos
- Realizar baixos cifrados e sen cifrar modulantes
- Realizar triples cifrados e sen cifrar unitónicos
- Realizar triples cifrados e sen cifrar modulantes
- Realización de traballos mixtos B. D. e C. D. unitónicos e modulantes
- Audición de estruturas harmónicas identificando as naturezas dos acordes de sétima estudados
- Análise de obras ou fragmentos referidas ós contidos estudados
- Capacidade para compoñer exercicios, a partir dun esquema harmónico dado
- Recoñecer a través da análise de exercicios propostos, diferentes erros na súa realización
- Tocar exercicios no piano



ACTITUDINAIS

- Demostra-lo interese pola materia coa asistencia regular ás clases.
- Demostra-lo interese pola materia co traballo diario de aula: exercicios, audicións, análises, debates, etc.
- Realiza-los traballos individuais, indicados polo profesor, fora da aula e presentárllelos para a súa corrección.
- Demostra-lo interese pola harmonía propoñendo a análise de obras.
- Demostra-lo interese pola harmonía propoñendo a audición de distintas músicas para ser analizadas harmonicamente.
- Demostra-lo interese polos concertos organizados no conservatorio e fora do mesmo.

8.3 Avaliación

A avaliación será continua, valorando o traballo realizado ao longo do curso, a regularidade do mesmo, a súa calidade técnica e, en aqueles apartados que esixan participación, as aportacións individuais, e o interese amosado. Na medida en que o número de alumnos o permita, levarase a cabo un seguimento pormenorizado do progreso de cada alumno de xeito individualizado. Tendo en conta que a prioridade absoluta da materia é a adquisición global das técnicas e destrezas básicas necesarias para a comprensión e creación da música tonal na que se toma como base o acorde, sendo fundamental o aspecto práctico da mesma, os dous primeiros trimestres non farán media para a obtención da nota final, sendo tomados coma indicativos da evolución do alumnado. A atención principal na avaliación será o seguimento individual do traballo de cada alumno. O outro aspecto fundamental será a evolución da capacidade de análise harmónico.



8.3.1 Criterios de avaliación

- Demostrar o dominio do alumno no referente á mecánica de encadeamento dos diferentes acordes cuatriadas (sentido morfolóxico) e a súa aplicación dentro da frase musical (sentido sintáctico)
- Demostra-lo dominio do alumno no referente ás distintas técnicas de modulación e a súa aplicación práctica dentro da frase musical
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e estruturas formais concretas
- Recoñece-los procedementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal mediante a análise de obras ou fragmentos adaptados ós contidos do curso
- Identificar mediante a análise, diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito
- Identificar auditivamente estruturas formais concretas.
- Identificar mediante a análise de obras os procedementos de transformación temática.
- Identificar auditivamente erros nun exercicio proposto para tal fin, e propor solucións.

8.3.2 Mínimos esixibles

1) Mecánica de enlaces dos acordes (movementos harmónicos ,disposición das partes, cruces das mesmas, xiros melódicos, condución e alteración da sensible, preparación e resolución das disonancias.

2) Formación, cifrado e uso axeitado das triadas e cuatriadas en estado fundamental e as súas inversións.



3) Modulación, correcta realización dos procesos modulatorios, tanto na modulación diatónica como na cromática e uso axeitado das alteracións que corresponden tanto a cada tonalidade coma ás escalas auxiliares.

4) Realización de series e progresións harmónicas unitónicas e modulantes de xeito correcto.

8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Os instrumentos de avaliación deben ser obxectivos, fiables e ponderables, capaces de discriminar niveis de rendemento a través de escalas cuantitativas (numéricas) e cualitativas (cualificacións). A avaliación estará centrada fundamentalmente nos contidos de tipo práctico e teórico, priorizándose as probas escritas. Polo tanto, empregaranse como ferramentas de avaliación as seguintes: exames trimestrais teórico prácticos, observación sistemática, diaria e individual de cada alumno; material de clase do alumno; anotacións periódicas do profesor e realización de traballos en grupo nas que os alumnos deberán amosar os coñecementos adquiridos.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN I

- Realizar un baixo-tiple sen cifrar dado polo profesor ou tribunal que conteña os contidos referidos na programación e cunha extensión máxima de 24 compases.

O tempo de realización do exercicio será de 2 horas máximo

- Analizar nunha obra ou fragmento proposto polo profesor ou tribunal os acordes, as cadencias, as modulacións e as notas alleas.

O tempo de realización deste exercicio será de 1 hora máximo



Outro formato da proba será o que contemple os dous apartados anteriores nun único exercicio.

O tempo de realización deste exercicio será de 3 horas máximo

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN II (criterio de mínimos)

- Realizar un baixo-tiple sen cifrar dado polo profesor ou tribunal que conteña os contidos referidos na programación e cunha extensión máxima de 16 compases.

O tempo de realización do exercicio será de 2 horas máximo

- Analizar nun fragmento proposto polo profesor ou tribunal os acordes, cadencias, modulacións e notas alleas.

O tempo de realización deste exercicio será de 1 hora máximo

Outro formato da proba será o que contemple os dous apartados anteriores nun único exercicio.

O tempo de realización deste exercicio será de 3 horas máximo

No caso de perda de avaliación continua, ademais da proba obxectiva final o profesor poderá solicitar periodicamente ó alumno a entrega de diversos traballos que contarán un 10% da nota final sempre que a proba obxectiva estea aprobada.

8.3.4 Criterios de cualificación

A ponderación dos criterios de avaliación será a seguinte:

- **30%** conceptuais
- **55%** procedimentais
- **15%** actitudinais:



- Asistencia, puntualidade e comportamento **2,5%**
- Traballo de casa **7,5%**
- Traballo de aula **5%**

(A suma deste apartado aplicarase no caso de que o alumno/a obteña unha nota mínima de 4 nos dous apartados anteriores)

Non será de aplicación na convocatoria extraordinaria de setembro.

Bloques a ponderar:

1) Mecánica de enlaces dos acordes (movementos harmónicos ,disposición das partes, cruces das mesmas, xiros melódicos, condución e alteración da sensible, preparación e resolución das disonancias **20%**

2) Formación, cifrado e uso axeitado das triadas e cuatriadas (facendo fincapé nestas últimas) en estado fundamental e as súas inversións. **20%**

3) Sintaxe harmónica tonal **15%**

4) Modulación, correcta realización dos procesos modulatorios, tanto na modulación diatónica como na cromática e uso axeitado das alteracións que corresponden tanto a cada tonalidade coma ás escalas auxiliares. **25%**

5) Realización de series e progresións harmónicas unitónicas e modulantes de xeito correcto **15%**

6) Creatividade e ausencia de monotonía na realización do traballo **5%**

Ponderación:

Proba obxectiva **75%** (Baixo-Tiple) e **10%** (análise)

Traballo diario, actitude. **15%**



Criterios mínimos.

- Consideraranse mínimos, os apartados 1,2, 4 e 5, nos que se deberá acadar unha puntuación mínima de 5 (entre os catro) para poder aprobar a materia.
- Análise harmónica axeitado aos contidos do curso.
- Recoñecemento dos procesos harmónicos que se poden dar nunha obra musical (tipos de acordes, inversións dos mesmos, modulacións, progresións, notas alleas.....)

Este apartado fará media co exercicio de práctica harmónica escrita, contando un porcentaxe dun 10% da proba práctica.

Calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Superar os criterios do apartado 8.3.2. mediante unha única proba teórico práctica consistente en:

- Realizar un baixo-tiple sen cifrar dado polo profesor ou tribunal que conteña os contidos referidos na programación e cunha extensión máxima de 20 compases.

O tempo de realización do exercicio será de 2 ½ horas máximo



- Analizar nunha obra ou fragmento proposto polo profesor ou tribunal os acordos, as cadencias, as modulacións e as notas alleas..

O tempo de realización deste exercicio será de 1 hora máximo

8.4 Medidas de recuperación

Os trimestres con suspenso non se recuperarán, ao ser a materia de contido acumulativo.

Os alumnos poderán acudir ás titorías coma reforzo, que en ningún caso suporá a recuperación de clases perdidas.

No caso de perda de avaliación continua, ademais da proba obxectiva final o profesor poderá solicitar periodicamente ó alumno a entrega de diversos traballos que contarán un 10% da nota final sempre que a proba obxectiva estea aprobada.

Os alumnos que na proba final non superen os contidos da mesma terán opción de realizar un segundo exercicio que abrangue os contidos mínimos. Dito exercicio realizarase no mes de xuño, antes da reunión de avaliación por parte dos profesores.

8.4.1 Probas extraordinarias de setembro

- Realizar un baixo-tiple sen cifrar dado polo profesor ou tribunal que conteña os contidos referidos na programación e cunha extensión máxima de 24 compases.

O tempo de realización do exercicio será de 2 horas máximo

- Analizar nunha obra ou fragmento proposto polo profesor ou tribunal os acordos, as cadencias, as modulacións e as notas alleas.



O tempo de realización deste exercicio será de 1 hora máximo

Outro formato da proba será o que contemple os dous apartados anteriores nun único exercicio.

O tempo de realización deste exercicio será de 3 horas máximo

8.5 Recursos didácticos

MATERIAIS

- Equipo de Audio
- TV e Vídeo
- Ordenador e software musical
- Impresora e Scanner
- Un módulo de sons
- Un teclado “maestro”
- Un piano
- Mobiliario: encerado, armarios, cadeiras con pala, mesa e cadeira para o profesor, papeleira, percheiro.

CURRICULARES

Material Curricular Básico



- Tratado de Harmonía de Joaquín Zamacois Vol. I e II. Ed. Span Press Universitaria, 1998
- Libros de ejercicios correspondentes ó tratado.

Material complementario

- Bloc de papel pautado a 2 pentagramas (escritura pianística)
- Lapis do nº 2, goma de borrar e afialapis.
- Partituras de sonatinas clásicas (Clementi, Haydn, Mozart, Dussek...)

BIBLIOGRAFÍA

- Harmonía de Walter Piston. Ed. Spans Press Universitaria 1998
- Harmonía Tonal de Luis Blanes Vols. I e II. Ed. Real Musical
- Harmonía de A. Schönberg. Ed. Real Musical, 1974
- Tratado práctico de Harmonía de Rimsky – Korsakov. Ed. Ricordi, 1947
- Harmonía de Diether de la Motte. Ed. Labor, 1989
- Tratado de Harmonía de Charles Koechlin



- Curso Teórico – Práctico de Harmonía de Camillo de Nardis. Ed. Ricordi
- Tratado de Harmonía. Sociedade Didáctico – Musical. 1972



Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Procederase á valoración da programación didáctica despois de cada avaliación, tendo en conta as cualificacións e o análise detallado de tódolos obxectivos e contidos incluídos.

Levarase a cabo un seguimento mensual sobre o cumprimento da programación.

O final de cada curso revisarase a consecución dos obxectivos baseándose no traballo por parte do alumnado dos diferentes cursos.

Os procedementos de avaliación a utilizar serán os seguintes:

1- Avaliación diagnóstica inicial. Nas primeiras clases farase un control do nivel que trae o alumnado do curso anterior.

2-Avaliación continua ou de progreso. Ó longo do curso farase uso das actividades e criterios de avaliación para comprobar a evolución do alumnado.

3- Avaliacións trimestral e final. Ó final de cada trimestre e do curso realizarase algunhas das actividades de avaliación previstas na programación, para comprobar o nivel acadado polo alumnado.

4- Actividades de autoavaliación do alumnado. Pódense facer diversos exercicios para que o alumnado coñeza o seu propio nivel, coma que se intercambien os exercicios para a súa corrección ou que comparen a sonoridade dos mesmos coa de outros correctamente realizados.

9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Os integrantes do departamento de Fundamentos de Composición estarán atentos ao grao de cumprimento das respectivas programacións didácticas, así como da



evolución de cada un dos alumnos e alumnas que cursan as materias impartidas. Nas reunións departamentais teranse en conta os indicadores de calidade de ensinanza, que marcarán as seguintes actuacións: · Grao de cumprimento da programación didáctica · Nivel de participación e asistencia ás clases · Relación de resultados cuantitativos obtidos a curto prazo · Número de actividades postas en marcha · Valoración positiva por parte do profesor · Grao de eficacia das actividades deseñadas. En vistas dos resultados obtidos, cada certo tempo pódense prever actuacións escolares e extraescolares específicas que fomenten a consecución de obxectivos marcados polas programacións. A este efecto pódense ofertar clases de apoio educativo, así como clases de apoio ao estudo que reforcen certos aspectos que demande o alumnado. Despois de cada avaliación trimestral realizaranse estudos de porcentaxes de resultado, sometendo a debate a posibles liñas de actuación, así como a posibilidade de ofrecer métodos de recuperación alternativos. Ao remate do curso realizarase unha memoria final na que se faga unha reflexión profunda sobre o grao de cumprimento da programación, así como as actuacións que foron ou que serán precisas para o futuro para o correcto funcionamento do departamento. Axuntaranse igualmente as porcentaxes de resultados por materias e a relación de actividades paralelas desenvolvidas.

En canto a autoavaliación do departamento:

- 1- Reparto de enquisas entre o alumnado con cuestións coma o seu nivel de satisfacción coa materia e o seu nivel de comprensión da mesma.
- 2- Estatísticas comparativas dos resultados entre diferentes grupos, incluíndo distintos anos e profesores.

En base ós resultados destas actividades, implementaranse as medidas correctoras oportunas.



ANEXOS

- **Probas de acceso a outros cursos.**

PROBAS ORDINARIAS OU EXTRAORDINARIAS DE ACCESO

ASPECTOS XERAIS. O obxectivo das mesmas é comprobar se o alumnado ten a base suficiente para poder acceder ó curso ó que pretende. No caso do noso departamento, realízanse no mes de setembro. A dificultade consiste en avaliar a ditos alumnos cunha proba obxectiva que abrangue os contidos do curso anterior.

CONTIDOS E ESTRUCTURA DAS PROBAS

(ACCESO A 5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL)

- Realizar un baixo-tiple sen cifrar dado polo profesor ou tribunal que conteña os contidos referidos na programación e cunha extensión mínima de 16 compases.

O tempo de realización do exercicio será de 2 horas

- Analizar nunha obra ou fragmento proposto polo profesor ou tribunal os acordes, as cadencias, as notas alleas e as modulacións.

O tempo de realización deste exercicio será de 1 hora.

Outro formato da proba será o que contemple os dous apartados anteriores nun único exercicio.

O tempo de realización deste exercicio será de 3 horas máximo



CRITERIOS DE AVALIACIÓN

(ACCESO A 5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL)

- Demostra-lo dominio do alumno no referente á mecánica de encadeamento dos diferentes acordes cuatriadas (sentido morfolóxico) e a súa aplicación dentro da frase musical (sentido sintáctico)
- Demostra-lo dominio do alumno no referente ás distintas técnicas de modulación e a súa aplicación práctica dentro da frase musical
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal e estruturas formais concretas
- Recoñece-los procedementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal mediante a análise de obras ou fragmentos adaptados ós contidos do curso
- Identificar mediante a análise, diversos erros en exercicios preparados con esta finalidade e propoñer solucións
- Comprobar que o alumno é capaz de empregar un instrumento polifónico para constatar sonoramente o escrito
- Identificar auditivamente estruturas formais concretas.
- Identificar mediante a análise de obras os procedementos de transformación temática.
- Identificar auditivamente erros nun exercicio proposto para tal fin, e propor solucións.